

MOEDAS DO ALTO IMPERIO EN VILADONGA

O Castro de Viladonga ven sendo un dos xacementos galegos que maior número de achados arqueolóxicos teñen dado, nas máis de catorce campañas de excavación realizadas ata agora.

A diversidade dos achados é moi grande, e os materiais aparecidos nas distintas excavacións indican que, no Castro, houbo un asentamento continuado importante. Isto ocorre sobre todo na época tardorromana (séculos IV e V d. C.), pero con algún tipo de estruturas e materiais de tradición anterior.

Quérese dar a coñecer aquí un breve estudo das moedas altoimperiais aparecidas ata agora neste Castro. Constitúen un número reducido: seis ases de bronce e oito denarios de prata, un deles frustro.

Aparecen sobre todo na zona occidental do Castro, en contextos estratigráficos

tardorromanos, é dicir, xunto a numerario baixoimperial e pezas como «terra sigillata» hispánica tardía ou bronce de arnés tamén tardíos.

Os achados son pouco significativos - catorce en total- fronte ós moi numerosos correspondentes ó Baixo Imperio, e polo feito antes dito de atoparse asociado co material baixoimperial. Deste xeito indícasenos o seu valor residual como algo gardado polo seu valor metálico, aínda que xa non estea en circulación, ou ben por afán de tesourización ou incluso «colección».

Non se inclúen aquí dous Antoninianos de bronce de Valeriano I (253-260), que corresponden á época da chamada "Anarquía militar", considerada comunmente xa como o inicio do Baixo Imperio Romano, ademais de tratarse de numerario posterior ós cambios monetarios habidos a partir da dinastía do Severos.

CATÁLOGO DE MOEDAS

Nº invent. - A 70-223

As de bronce

Anverso - Cabeza á dereite

... VPS

Reverso - Figura á dereita apoiada nunha lanza e cunha pátera na man dereita; ós lados, sobre o campo:

SC

Módulo	32 mm.
Posición cuños	12
Peso	24,34 gr.

Achada no cadro C-12, nas excavacións dos anos setenta.

Nº invent. - A 70-224

As de bronce

Anverso - Cabeza á dereita, diademada, con ínfulas.

Reverso - Figura sedente, Roma. Man esquerda cunha lanza. Escudo ó pé do sillón. ¿Casco?.

ROMA AV[G]

Módulo	30,4 mm.
Posición cuños	12
Peso	17,98 gr.

Achada no cadro D-38, anos setenta.

Nº invent. - A 70-225

As de bronce

Anverso - Cabeza á dereita.

Reverso - Figura de pé.

Módulo	25,1 mm.
Posición cuños	6
Peso	9,88 gr.

Non se coñece a localización exacta do achado, anos setenta.

Nº invent. - A 70-226

**As hispanorromano de Augusto
(27 a.c. - 14 d.c.)**

Anverso - Cabeza á dereita laureada.

**[IMP CAESAR DIVI]
AUGUSTUS II VIR**

Reverso - Touro parado. Diante II VIR.

Detrás: [CV] UCE [L]

Arriba: [C] N DOMIT

Abalxo: [C] POMP [EI]

Ceca: Celsa (Velilla de Ebro, Zaragoza)

Módulo	27,3 mm.
Posición cuños	12
Peso	9,88 gr

Achada no cadro C-8, anos setenta.

Nº invent. - A 70-227

As ou semis de bronce

Anverso - Cabeza á esquerda moi mal conservada.

AV (?)

Reverso - Figura á dereita, espida; no campo:

S.C

Módulo	24 mm.
Posición cuños	3
Peso	8,52 gr.

Sen lugar de achado, anos setenta.

Nº invent. - A 82-2

As de bronce

Anverso - Cabeza á dereita diademada.

... VI CAV

Reverso - Figura feminina de pé. No campo:

S.C

Módulo	33,7 mm.
Posición cuños	6
Peso	22,32 gr.

Achada na revisión do material dos anos setenta, feita no ano 1982.

Nº invent. - A 70-228

Denario de prata

Anverso - Cabeza á dereita.

... VI CAV

Reverso - Figura sedente á dereita portando cetro na man dereita e flor na esquerda.

Módulo	19 mm.
Posición cuños	3
Peso	2,35 gr.

Achada no cadro D-33, anos setenta.

Nº invent. - A 70-229

**Denario de prata de Augusto
(27 a.c. - 14d.c.)**

Anverso - Cabeza á dereita con ínfulas.

Forro roto.

...PATER PATRIAE

Reverso - Caio e Lucio Césares de pé e de fronte con escudos e lanzas entre eles; no campo, símpulo e bastón de augur.

Debaixo: X.

No exergo: **C AESAR [ES]**

Módulo	19,3 mm.
Posición cuños	6
Peso	2,76 gr.

Achada no cadro D-33, anos setenta.

Nº invent. - A 70-230

**Denario de prata de Augusto
(27 a.c. - 14d.c.)**

Anverso - Cabeza laureada á dereita.

Rota.

**CAESAR AUGUSTUS
[PA]TER PATRIAE**

Reverso - Caio e Lucio Césares de pé e de fronte, con escudos e lanzas entre eles; no campo, símpulo e bastón.

No exergo: **[C] AESARES****AUGUSTIF COS DESING...**

Restos de gráfila de puntos.

Módulo	18,7 mm.
Posición cuños	12
Peso	3,16 gr.

Achada no cadro D-33, anos setenta.



Nº invent. - A 70-231

Denario de prata

Anverso - Cabeza á dereita. Ilexible e moi desfeita.

Reverso - Caio e Lucio Césares de pé e de fronte con escudos e lanzas entre eles; no campo, símpulo e batón de augur.

Moi deteriorada.

...VSTIF COS...

Módulo 19,7 mm.
 Posición cuños 6
 Peso 2,99 gr.

Nº invent. - A 70-1857

Denario de prata

Anverso - Cabeza á dereita. Ilexible e moi desfeita.

Reverso - Ilexible.

Módulo 20 mm.
 Posición cuños (ilexible)
 Peso 3,60 gr.

Achada en I-32, anos setenta.

Nº invent. - A 70-1900

Denario de prata

Anverso - Cabeza á dereita. Mal conservada; borde dentado. Ilexible.

Reverso - Mal conservado. Ilexible.

Módulo 18 mm.
 Posición cuños (ilexible)
 Peso 3,02 gr.

Achada en I-34, anos setenta.

Nº invent. - A 76-4

Denario de prata

Anverso - Cabeza con casco (¿Marte?)

Reverso - Dous arados (?) flanqueando un umbo central.

Sobre un deles: S.
 No campo: ...EN . O (?)
 A dereita sobre o campo: S
 Módulo 19 mm.
 Posición cuños 7
 Peso 3,48 gr.

Achada en 1976, sen localización exacta do lugar.

Nº invent. - A 76-61

Denario de prata

Anverso - Cabeza á dereita. Borde dentado; mal conservada. Ilexible.

Reverso - Ilexible.

Módulo 19,9 mm.
 Posición cuños (ilexible)
 Peso 3,42 gr.

Achada no cadro D-33, ano 1976.

REFERENCIA BIBLIOGRÁFICA

- ÁLVAREZ BURGOS, F.
Prontuario de la moneda romana, Madrid, 1982.
- ARIAS VILAS, F. et alii
Museo del Castro de Viladonga, Madrid, 1990.
- BOST, J. P. et alii
Baelo IV. Les monnaies, Madrid, 1987.
- CASTÁN RAMÍREZ, C.
La moneda imperial romana, I-II, Valencia, 1985.
- GIL FARRÉS, O.
La moneda hispánica en la Edad Antigua, Madrid, 1966.
- PEREIRA, I.; BOST, J.P.; HIERNARD, J.
Fouilles de Conimbriga. III. Monnaies, París, 1974.
- HILL, P.V.; KENT, J.P.C.; CARSON, R.A.G.
Late roman bronze Coinage, 1978.
- VV. AA.
The Roman Imperial Coinage, 19 vols., Londres, 1928-1984.

M^º CONSUELO DURÁN FUENTES
 PILAR FERNÁNDEZ VÁZQUEZ

